



LUNS 20 DE ABRIL DE 2020 MIRÓN

- O pasado luns 13 foi o **Día Internacional do Bico**. **Que pasaría se puidésemos sementar un bico?** Que pensades vós? Nacería algunha plantiña...? Que forma podería ter? De que cor podería ser? Facede un **debuxo** sobre o que pensades.
- Despois, mirade este **conto** tan chulo titulado **“Siembra un beso”** (Amy Krouse Rosenthal) <https://www.youtube.com/watch?v=RR1Jnr-msEU>
- **Que foi o que máis vos gustou?** Contádemo como preferades (escrito, debuxado, en vídeo, audio...).
- Agora, toca algo difícil: pensar en como **crear** unha **árbore de bicos**. Podedes empregar o que queirades (material de refugallo, debuxos, fotos, sellos de labios...). Enviádeme unha foto!
- Se vos atrevedes, tamén vos deixo un **sudoku** sinxelo. Tedes que colocar cada imaxe fixándovos que non se repitan na mesma fila e columna. (Deixo un para 3 anos e outro para 4 e 5 anos).
- E, por último, facede unha foto botando un bico e enviádella a todos/as os que vos gustaría darlles un bico e non podedes. Seguro que lles fará moita ilusión.
- **Grazas, forza e ánimo.**